



O teatro até 1950

ARANCHA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ – IES LAMAS DE ABADE

4º DA ESO

Contexto



Contexto

- Galiza: poboación rural e moi espallada xeograficamente
- Coa chegada da escola pública aumenta o público para a literatura e o teatro, aínda que segue a existir unha grande cantidade de poboación analfabeta
- Gran peso da economía de subsistencia e a emigración
- O teatro é especialmente desenvolvido pola Xeración Nós e as Irmandades da Fala

Funcións do teatro

- Función de **entretenemento** (até o 1910, principal fonte de lecer. Despois, sofre certo declive pola aparición do cinema)
- Función **didáctica** (inspiración: proxectos como La Barraca)



O teatro na Guerra Civil e inmediata posguerra

A partir de 1936, o teatro experimenta a mesma situación que outros xéneros literarios: o longo silencio imposto após a Guerra Civil manifestase tamén na **paralización das obras dramáticas**. Non será até os anos 50 cando o teatro regrese con certo impacto.

O que salvou o teatro galego nesta época foi o **teatro do exilio**, especialmente do exilio americano. Alí escriben e representan as súas obras autores como Castelao, Luís Seoane ou Eduardo Blanco Amor. Foi o caso de “Os vellos non deben de namorarse” de Castelao, estreada en Buenos Aires en 1941.

A curiosa predominancia do teatro de títeres en Galiza

Blanco Amor, desde o exilio en Latinoamérica, promove a partir de 1957 o chamado “Teatro popular galego”, para o que escribe obras como “Farsas para títeres”.

É curiosa a predominancia en Galiza do teatro de monicreques, ao que aínda a día de hoxe se dedican un bo número de compañías, e que conta cun premio específico: o premio Barriga Verde.

Quizais Barriga Verde sexa precisamente a clave da importancia do teatro para títeres en Galiza...



O teatro a partir de 1950

Coa perda de apoios de Franco despois da II Guerra Mundial e a perda dos seus aliados fascistas (Alemaña e Italia), o ditador vese obrigado a finxir certa apertura no país de cara a recabar apoios económicos e políticos de potencias liberais como Francia ou Reino Unido.

Vai permitindo entón, aínda que timidamente con moita censura, a publicación de obras en linguas distintas ao castelán. Coa creación da editorial Galaxia en 1950 retómase a representación de textos dramáticos. Aí publicarán autores como Álvaro Cunqueiro, Xohana Torres ou Ricardo Carvalho Calero.